# RECETARIO MÁXICO



ELABORADO POLOS NENOS E NENAS
DE 4º DE PRIMARIA

# POCIÓN PARA LER MENTES

## INGREDIENTES:

- 1 rata morta.
- 2 batidos de chocolate.
- 3 pelos de mono.
- 4 gotas de sangue humana.
- Polvos máxicos.



## UTENSILIOS:

- Un cullerón.
- Un cazo moi,moi grande.

## PREPARACIÓN:

1º/Botamos todos os ingredientes menos os polvos máxicos na orde que queiras.
2º/A continuación remove a mezcla cun cullerón.
3º/Bota os polvos máxicos e...¡LISTO!




Clara

# CONVERTERSE NUN ZOMBI

Ingredientes:

- Veneno dunha víbora
- Auga escura e asquerosa
- 2 gotas de sangue humana
- Tinta de bolígrafo
- 5 plumas de moucho
- Unha cullerada de vómito

Preparación:

1-Botar todos os ingredientes menos as plumas de moucho nun cazo e remover con garfo.

2-Botar as plumas de moucho nun vaso e machacalo.

3-E por último botar todo nunha cunca e bebelo.



# PENSAMENTO INSTANTÁNEO

Ingredientes:

- 4 mocos
- 5 ordenadores
- 100 dicionarios
- 1.000.000 de nubes
- 1.000.000.000.000 de libros

Preparacion:

1º/Botar todos os ingredientes menos as nubes e esperar ata que faga treboada.

2º/Cando estea listo rebozar as nubes e comelo ao instante.



Inés

Paula

# Receita de camuflaxe

## Ingredientes:

Un dedo

Un escaravello

Un mosquito

Herbas secas

Polvos máxicos

Dous ollos de morcegos

## Preparación:

1º/ Botar todos os ingredientes nun bol menos as herbas secas.

2º/ Mesturar todo.

3º/ Botar as herbas secas e mesturar.

4º/ Botar nunha cunca e bebelo.



# RECEITA DE GALLETAS PARA SER UNHA PANTASMA

## Ingredientes:

- Una chisca de lúa (se non a atopas podes mercala na tenda "Chisca de momia").
- Bágoas dunha pantasma.



- 3 ovos dun sapo
- 1 páxina de dicionario.



## Preparación:

1º Primeiro coloca as bágoas da pantasma nun bol e tamén os ovos de sapo e bate todo cun batedor.

2º Logo mete a mestura na neveira 1 hora.

3º Agora saca a mestura e bótalle a páxina de dicionario en cachiños, ponlle forma de pantasma e mete as galletas no forno.

4º Sacamos as galletas e botamos a chisca de lúa por riba e agora ¡a asustar!



Claudia

# RECEITA DE COMIDA INVISIBLE

## Ingredientes:

Arroz branco.
3 culleradas de pelo de ovella.
2 pinturas brancas.
3 metros de film transparente.
4 Kilos de auga.

## Preparación:

1/ Quentar os 4 Kilos de auga co arroz e co pelo de ovella.

2/ Triturar as 2 pinturas.

3/ Cortar en anaquiños os 3 metros de film transparente.

4/ Mesturamdo co arroz e o pelo de ovella.

5/ Ponemolo nun prato e botamoslle enriba as pinturas e o film transparente e listo para comer!



Antía

# Bebida para facerse xigante

## Ingredientes:

Un verme.
Catro paos.
Dúas as de fada.
Brillo

## Utensilios

Unha pota.
Un cullerón.
Unha botella pequena.

## Preparación

1-Collemos a pota e metemos os ingredientes menos o brillo.

2-Co cullerón remexemos todo.

3-Logo poñemos o brillo e metémolo na botella.

4-Bebémolo fora e listo!



Noa P

# Receita de Canto

## Ingredientes:

1 - 1 litro de leite recén muxida.
2 - 3 cogombros frescos
3 - un polbo do mar (forneado)



## Utensilios:

- Un bote de perfume baleiro
- Unha ola grande
- Un coitelo
- Unha cunca
- Un morteiro

## Preparación:

1º Colocas un litro de leite na cunca.

2º Imos machacar os cogombros cun morteiro

3º A continuación o polbo do mar o metemos na ola uns dez minutos.

4º Mesturamos todo e metémolo no bote de perfume.

5º Rociamola por arriba do noso corpo e co dedo índice e o pulgar os xuntamos e os abrimos para ir cambiando o ton de voz.

# Galletas De Teletransportacion

:)

## Ingredientes




- Unha cobra
- 10 gramos de polvos máxicos
- 5 ml de saliva de rá
- 4 mocos (da igual de quen)
- Lengua de rá
- Escaravellos (da igual cuantos)

## Preparacion

1º/ Collemos a cobra, a partimos en pequenos dados e apartamola
2º/ Mesturamos os 4 mocos, os 5 ml de saliva de rá, a lengua de rá e os escaravellos no caldero e removemos 2 minutos, ata que quede como papilla.
3º/ Cando pasen os 2 minutos pasámolo a un bol, botamosle os 10 gramos de polvos máxicos e dicimos: "Masa de galletas xa!".
4º/ Despois quentamos o forno a 180 grados.
5º/ Collemos a masa, facemos círculos de todos os tamaños, as poñemos enriba da bandexa, botamos os anacos de cobra e o metemos no forno 30 minutos.
6º/ Cando pasen os 30 minutos sacamolas e deixamolas reposar.
7º/ Cando queramos teletransportarnos mordemos un anaco da galleta e pensamos onde queremos viaxar.

Noa R. 4º

# RECEITA PARA VOAR



## Ingredientes:

- 1 cabeza de coello
- 2 patas dun can
- 5 lombrigas

## Utensilios:

- Batedor
- Ola grande

## Preparación:

- Cortar a cabeza de coello en catro anacos e metela na ola.
- Logo engades as patas de can.
- Botar as lombrigas e remexer. E así poderás voar.

Telmo

# Receita para voar

## Ingredientes:

-3 herbas con terra.

-2 moscas mortas.

-10 polviños máxicos.

## Preparación:

1º/Botamos as 3 herbas nun bol.

2º/As mesturamos coas 2 moscas.

3º/Poñemos os 10 polviños e dicimos: "Quero voar."



# RECEITA PARA VOAR

## Ingredientes:

- 2 ás de aguia.
- Polvos máxicos.
- Un chisco de azucre.
- Un moco de vaca.
- Unha taza de auga.

## Preparacion:

1. Collemos unha cunca e metemos os polvos máxicos e o azucre. Removémolos.
2. Metemos na mestura as ás. A continuación tamén metemos o moco de vaca.
3. Por último botamos a auga e dicimos este conxuro: receita, receita, faime voar para poder tocar as estrelas.





# COMO TRANSFORMAR UN RATO E NUNHA POMBA.

Ingredientes:

- Pocións
- Plumas
- Rato

Utensilios:

- Unha cunca
- Un cullerón

Preparación:

1 Tes que coller a cunca e poñela sobre o lume.
2 Colle as pocións e ábreas. Pon o liquido na cunca.
3 Colle o cullerón e xira as pocións.
4 Tes que coller o rato e poñelo dentro da cunca
5 Colle as plumas e ponas dentro da cunca.
E logo dis:
Rato colle as plumas e convértete nunha pomba!

Maira

## • INGREDIENTES PARA SER UN VAMPIRO.

- Tripas de verme.
- Tripa de rato.
- Sangue frío.
- Unha pizca de pementa.
- Unhas gotas de limón.
- Uns polvos máxicos da bruxa Maruxa.

## • UTENSILIOS.

- Unha ola.
- Unha culler.

## • MODO DE PREPARACIÓN

- Metemos as tripas e o sangue nunha ola, cando comece a ferver añadimoslle a pementa e as gotas de limón. Removemos cunha culler.
- Quentamos 30 min e votámoslle os polvos.
- Se queres voar máis alto votámoslle azucre.
- E xa esta lista.



# Receita para ser unha fada

## Ingredientes

1- Ás de cisne.
2- Varita de Harry Potter.
3- coroa de Frozen.
4- Vestido de Bela Durminte.
5- Zapatillas de patins
6- Pós máxicos de Peter Pan



## Utensilios.

1 Batedora.
2 Coitelo.
3 Tixola.
4 ola

## Preparación

1- Mesturamos coa batedora as ás coa varita.
2- Fritimos na tixola a coroa co vestido.
3- Cortamos cun coitelo as zapatillas de patins e engadimos os pos máxicos.
4- xuntamos todo na ola e tachánn.

# POCIÓN DE VOAR

.Ingredientes: Ollos de gato, pelo de flamenco, dous brazos, unha perna e pirixel.

.Utensilios: Batedor, forno e frasco

.Preparación: Botar os ollos de gato no batedor dorante 15 min, botar no forno os brazos e pernas dorante 45 min e logo os partimos en anacos, os pelos de flamenco os deixamos sen facerlles nada. Cando acabes botas todo no fresco. Cando estea metido todo no frasco botas o pirixel e xa tes unha poción para voar.



David Lago

# RECEITA DE SUPERVELOCIDADE

## Ingredientes:




- Un par de ás de falcón.
- Catro ou seis gotas de auga.
- Tres ramos de herba seca.
- Un puñado de resina.
- 10 cm de plástico derretido.

## Preparacion:

1. Primeiro, nunha ola grande, mete as ás de falcón e as seis ou catro gotas de auga, logo, remove a mestura.
2. Cando estea todo ben removido, bota os tres ramos de herba seca.
3. Se agora a mestura está verde, é que o fixeches ben, bota o puñado de resina e espera unhas duas ou tres horas.
4. Unha vez esperado o tempo, pon os 10 cm de plástico derretido dentro da ola grande.
5. Cando queiras correr moi rápido, cun frasco de cristal, bebe a mestura e podras correr coma un guepardo.





# POCION PARA Convertarse nun can

## Ingredientes

un ollo, 80 vermes, 30 uñas de can, un colar decan, unha pata de can, un intestino de can, un estomago de can, e unha cabeza de can

## Preparación

Collemos unha ola e metemos a pata de can e a quentamos dez minutos, Mentres tanto collemos unha trituradora e trituramos os vermes, Logo trituramos a cabeza de can a pata de can e metemolo todo nun cazo remexemos ben. lo ponemdo na rebeira e cando queiras ser un can bebela.



Eloi

# Receita

## 1- Título: Poción para teletransportase.

## 2- Ingredientes:

- Sete dentes de cocodrilo.
- Unha verme.
- Uñas dos pés e pelos do nariz.
- Unha tarántula.
- Patas de vaca e gato.
- Trece serpes de cascabel venenosas mutiladas.
- Pis e caca.
- Unha lingua de leon.
- Un ollo de rato.
- Un rabo de can.
- Orellas de touro.
- Plumas de galo.

## 3- Utensilios:

- Unha pota grande.
- Unha culler de sopa

## 4- Preparación:

Imos coller os dentes dun cocodrilo morto, logo o verme, as uñas dos pés e pelos do nariz, a tarantula, patas de vaca e gato, as trece serpes de cascabel venenosas, cortamolas, pis e caca, a lingua do leon, o ollo do rato, o rabo do can, as orellas do touro e as plumas de galo. Metemolo todo no pote retiramos todo coa culler e servímolo todo como sopa nas cuncas e para comer. Entón só tes que pensar onde queres ir e dicir, sopa máxica teletransportame lla !!!



# RECEITA PARA CONTROLAR COUSAS COA MENTE. (Biscoitos)

## Ingredientes:

- 11 mocos de can.
- 11 pelos grosos.
- 2 ovos grosos.
- 1k de polvos máxicos.

## Utensilios:

- Un caldeiro.
- Un culleròn.

## Preparación:

1_ Botamos 11 mocos de can ao caldeiro.

2_ Mesturàmolo con 2 ovos podres e con 11 pelos grosos.

3_ A continuación revolvémolo cun culleròn.

4_ Por último botamos 1k de polvos máxicos ¡E listo!

